



ESTRELAS NO CAMIÑO DE SANTIAGO EVENTO GASTRONÓMICO SOLIDARIO

Estrelas Solidarias no Camiño conclúe na súa última edición, cun éxito sen precedentes, nun evento de altísimo nivel.

Malia a sofocante calor, a Finca Casa Barqueiro dos irmáns Rial Romarís, estaba preparada para recibir a todos os convidados e convidadas coas máis refrescantes bebidas para mitigar o batente agosto.

Unha marea de persoas tiveron a oportunidade de coñecer de primeira man unha selección dos mellores produtos galegos, rebulindo entre os Estrela Michelin como Jordi Cruz, Eneko Atxa, Ángel León; Paolo Casagrande, Quique Dacosta, Diego Guerrero, Paco Roncero -o cociñeiro do cumio da OTAN en Madrid-; Ramón Freixa, os irmáns Sergio e Javier Torres, Valerio Carrera, Marcos Granda, Paulo Airaud, Iván Cerdeño, Manuel Costiña, Marcelo Tejedor, Lucía Freitas, Pepe Vieira, Miguel González e Yayo Daporta.

Tras o percorrido polos stands os cociñeiros participaron no campionato de tiraxe de cervexa no posto de Estrella Galicia no que varios dos chefs mediron as súas destrezas nesta disciplina, quedando gañador Marcelo Tejedor que fixo entrega dun cheque de 1000€ doados pola marca.

Entre un bo xantar e a música na compañía de Marta Doviro, Isabel Blanco, Yolanda Vázquez, Diana Nogueira, Manuel de Andrade, Roberto Vilar e a Princesa Carla de Bulgaria chegou a noite, despois da poxa solidaria, onde se puido continuar degustando os nosos mellores manxares como a Merluza do Celeiro, mexillóns de Alumar, sardiña de PescadeRías, un pastel de verduras elaborado coas hortalizas de



Hortomar, Emporium AOVE, o xeadado de queixo azul Savel de La Central Heladera ou a bebida especial de Cafés Candelas, regado cos máis refrescantes brancos galegos como O cura e a Monxa ou os caldos de Méndez - Rojo, para dar paso á verbena solidaria.

Estrelas Solidarias no camiño despídese ata o ano que ven, seguros de que esta acción solidaria a favor de ACEM, fará máis visible a esta asociación que loita polo benestar das persoas que padecen esclerose múltiple.

Dirección e comunicación
Alex Regueiro direccion@estrelasnocamino.es
Máis info en: www.estrelasnocamino.es

